DONA PILAR FERNÁNDEZ ALONSO, SECRETARIA DO EXCMO. CONCELLO DE TUI,

CERTIFICA: Que a Xunta de Goberno Local en sesión realizada o 22 de novembro de 2019, e no punto 2º da Orde do Día, adoptou o seguinte acordo:

2º.- Expediente 2510/2019. Expediente de contratación do "Subministro para a renovación e dixitalización de equipos na Radio Municipal de Tui" (Lote 1: equipos de imaxe e son; Lote 2: equipos informáticos e dixitalización; e Lote 3: mobiliario e accesorios).

Vista a proposta da alcaldía de data 05-11-2019, na que se recolle:

"Expediente núm.: 2510/2019.

Asunto: EXPEDIENTE CONTRATACIÓN DO "SUBMINISTRO PARA A RENOVACIÓN E DIXITALIZACIÓN DE EQUIPOS NA RADIO MUNICIPAL DE TUI", (LOTE 1: EQUIPOS DE IMAXEN E SON; LOTE 2: EQUIPOS INFORMÁTICOS E DIXITALIZACIÓN; E LOTE 3: MOBILIARIO E ACCESORIOS), POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CON ARRANXO A VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E TRÁMITE ORDINARIO. (Plan Concellos 2018-2019/Anualidade 2019).

Vista a providencia de Alcaldía de data 05/11/2019, na que, entre outros aspectos se recolle:

".../...1.- Obra no expediente memoria valorada de "*Subministro para renovación e dixitalización de equipos na Radio Municipal de Tui*", de data 18/12/2018, redactada polo técnico municipal Jose Angel Font Moldes, e informe do enxeñeiro técnico municipal de data 31/10/2019 sobre corrección de erros no presuposto da memoria valorada, sendo o importe total de execución por contrata de 48.127,17 € (IVE incluído). O contrato se divide en tres (3) lotes de acordo co sinalado en dita memoria valorada.

O presuposto de gasto máximo do presente contrato o constitúe a cantidade de 48.127,17 € IVE incluido, desglosado en 39.774,53 € de presuposto sen IVE máis 8.352,64 € en concepto de IVE.

Desglose do presuposto base de licitación:

| Presuposto base licitación | LOTES | SEN IVE | IMPORTE IVE | PRESUPOSTO DE LICITACIÓN CON IVE |
|---|---|---|---|---|
| | 1. Equipos de imaxen e son | 32.911,07 € | 6.911,32 € | 39.822,39 € |



PILAR FERNÁNDEZ ALONSO (1 para 2)
Secretaria Xeral
Data de Sinatura: 27/11/2019
HASH: 58c6162fabe964b73f6139c55102f1cd

Enrique Cabaleiro González (2 para 2)
Alcalde
Data de Sinatura: 27/11/2019
HASH: 42831b0839f350677acb7d0295831c22

Cod. Validación: AEX5F97XTZKLDL6SJH5M23W5L | Corrección: http://concellotui.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 5

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 2. Equipos informáticos e dixitalización | 5.175,92 € | 1.086,94 € | 6.262,86 € |
| | 3. Mobiliario e accesorios | 1.687,54 € | 354,38 € | 2.041,92 € |
| | TOTAL | 39.774,53 € | 8.352,64 € | 48.127,17 € |

2.-Con data de rexistro de entrada de 06/03/2019, RE nº 2019-E-RC-1614, comunícase resolución de concesión ó Concello de Tui, ó abeiro do Plan Concellos 2018-2019/Anualidade 2019, dunha axuda por importe de 48.127,18 € para o investimento "SUBMINISTRO PARA RENOVACIÓN E DIXITALIZACIÓN DE EQUIPOS NA RADIO MUNICIPAL DE TUI".
3.- Dacordo co art. 99.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), o contrato se divide en tres lotes:
Lote 1: Equipos de imaxen e son
Lote 2: Equipos informáticos e dixitalización
Lote 3: Mobiliario e accesorios
4.- Con data 05/11/2019 emítese memoria da Alcaldía de necesidade da contratación, ao abeiro do art. 28 do TRLCSP.
De acordo coa citada Memoria de data 05/11/2019 e aos efectos do establecido no art. 28 e 117 da LCSP, as necesidades administrativas a satisfacer mediante o presente contrato serían:

"El suministro de equipamiento para la renovación y digitalización de equipos en la Radio Municipal de Tui (Lote 1: Equipos de imagen y sonido; Lote 2: Equipos informáticos y digitalización; y Lote 3: Mobiliario y accesorios), viene justificado por la necesidad de contar con el equipamiento objeto del presente contrato para la renovación y digitalización de equipos en la Radio municipal, teniendo en cuenta la antigüedad y desgaste de los equipos existentes y la necesidad para la emisora de llevar a cabo el cambio a la tecnología digital."

De acordo co exposto se entende xustificada a idoneidade do obxecto e contido do contrato para satisfacer as necesidades expostas, en cumprimento do disposto no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

O Concello de Tui non dispón de medios persoais nin materiais suficientes para poder abordar a execución dos traballos que son obxecto deste contrato.

Así mesmo na indicada memoria se xustifica o procedemento de licitación aplicable nos seguintes termos:

O procedemento de licitación do contrato de subministro que se propón será o de procedemento aberto simplificado con varios criterios de adxudicación e trámite ordinario, considerando que dito procedemento é o máis axeitado e eficiente para a finalidade que se pretende, dada a natureza do subministro a realizar e a conveniencia de promover a concorrencia na presentación de proposicións, e tendo en conta que o valor estimado do contrato é inferior a 100.000 € e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non hai ningún avaliable mediante xuízo de valor. Así mesmo o procedemento aberto simplificado é un dos procedementos de adxudicación ordinario previsto no artigo 131 da LCSP.

05.- Considerando así mesmo a proposta de prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, mediante procedemento aberto simplificado con



Cod. Validación: AEX5F97XTZKLDL6SJH5M23W5L | Corrección: http://concellotui.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 5

varios criterios de adxudicación e trámite ordinario, do SUBMINISTRO POR LOTES PARA A RENOVACIÓN E DIXITALIZACIÓN DE EQUIPOS NA RADIO MUNICIPAL DE TUI, POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CON ARRANXO A VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E TRÁMITE ORDINARIO. (LOTE 1: EQUIPOS DE IMAXEN E SON; LOTE 2: EQUIPOS INFORMÁTICOS E DIXITALIZACIÓN; LOTE 3: MOBILIARIO E ACCESORIOS), de data 05/11/2019, ascendendo o tipo de licitación do presente contrato á cantidade de 48.127,17 € IVE incluido, co desglose sinalado no punto 1 da presente providencia de Alcaldía.

Tendo en conta o anterior e de conformidade co disposto no art. 116 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público (LCSP), DISPOÑO:

1.- Incoar as actuacións precisas para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado con varios criterios de adxudicación e trámite ordinario, do SUBMINISTRO POR LOTES PARA A RENOVACIÓN E DIXITALIZACIÓN DE EQUIPOS NA RADIO MUNICIPAL DE TUI, ascendendo o tipo de licitación do presente contrato á cantidade de 48.127,17 €, IVE incluido, co seguinte desglose:

| | LOTES | SEN IVE | IMPORTE IVE | PRESUPOSTO DE LICITACIÓN CON IVE |
|---|---|---|---|---|
| Presuposto base licitación | 1. Equipos de imaxen e son | 32.911,07 € | 6.911,32 € | 39.822,39 € |
| | 2. Equipos informáticos e dixitalización | 5.175,92 € | 1.086,94 € | 6.262,86 € |
| | 3. Mobiliario e accesorios | 1.687,54 € | 354,38 € | 2.041,92 € |
| | TOTAL | 39.774,53 € | 8.352,64 € | 48.127,17 € |

…./…”

Visto o informe do enxeñeiro técnico municipal de data 04/11/2019 sobre desglose do orzamento de execución material, o informe de secretaría de data 5/11/2019 e vista a restante documentación obrante no expediente.

.../...”

Visto así mesmo o informe de intervención de data 12/11/2019.

Ó abeiro do art. 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos do Sector



Cod. Validación: AEX5F97XTZKLDL6SJH5M23W5L | Corrección: http://concellotui.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 5

CONCELLO DE TUI

Público (LCSP), e coa motivación recollida na parte expositiva da proposta de Alcaldía de data 5/11/2019, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes (5 votos a favor), adopta o seguinte ACORDO:

1º.- Aproba-la memoria valorada denominada "*Subministro para renovación e dixitalización de equipos na Radio Municipal de Tui*", de data 18/12/2018, redactada polo técnico municipal Jose Angel Font Moldes, coas correccións de erros no presuposto segundo informe do enxeñeiro técnico municipal de data 31/10/2019 obrante no expediente.

2º.- Xustificar a celebración do contrato polos seguintes motivos:

- Necesidade a satisfacer:  O subministro de equipamento para a renovación e dixitalización de equipos na Radio Municipal de Tui (Lote 1: Equipos de imaxen e son; Lote 2: Equipos informáticos e dixitalización; e Lote 3: Mobiliario e accesorios), ven xustificado pola necesidade de contar co equipamento obxeto do presente contrato para a renovación e dixitalización de equipos na Radio municipal, tendo en conta a antigüidade e desgaste dos equipos existentes e a necesidade para a emisora de levar a cabo o cambio á tecnoloxía digital.

De acordo co exposto se entende xustificada a idoneidade do obxecto e contido do contrato para satisfacer as necesidades expostas, en cumprimento do disposto no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

O Concello de Tui non dispón de medios persoais nin materiais suficientes para poder abordar a execución dos traballos que son obxecto deste contrato.

3º.- Autoriza-lo gasto ata un importe máximo de 48.127,17 € , impostos incluídos, para a contratación do referido subministro, que irá con cargo ás aplicacións orzamentarias sinaladas no PCAP.

4º.- Aproba-lo expediente de contratación e o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, mediante procedemento aberto simplificado con varios criterios de adxudicación e trámite ordinario, do SUBMINISTRO POR LOTES PARA A RENOVACIÓN E DIXITALIZACIÓN DE EQUIPOS NA RADIO MUNICIPAL DE TUI, (LOTE 1: EQUIPOS DE IMAXEN E SON; LOTE 2: EQUIPOS INFORMÁTICOS E DIXITALIZACIÓN; E LOTE 3: MOBILIARIO E ACCESORIOS), nos termos en que figura redactado, ascendendo o tipo de licitación do presente contrato á cantidade de 48.127,17 €, IVE incluido, co seguinte desglose:

| Presuposto base licitación | LOTES | SEN IVE | IMPORTE IVE | PRESUPOSTO DE LICITACIÓN CON IVE |
|---|---|---|---|---|
| | 1.Equipos de imaxen e son | 32.911,07 € | 6.911,32 € | 39.822,39 € |
| | 2. Equipos informáticos e dixitalización | 5.175,92 € | 1.086,94 € | 6.262,86 € |



Cod. Validación: AEX5F97XTZKLDL6SJH5M23W5L | Corrección: http://concellotui.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 5

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 3. Mobiliario e accesorios | 1.687,54 € | 354,38 € | 2.041,92 € |
| | TOTAL | 39.774,53 € | 8.352,64 € | 48.127,17 € |

5º.- Dispor a apertura do procedemento de adxudicación e que se publique o anuncio correspondente no perfil do contratante, conforme aos pregos aprobados. As proposicións para tomar parte na licitación se presentarán dentro do prazo de 15 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do procedemento aberto simplificado no Perfil del Contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Estado (PLACE). Dispor asemesmo a publicación no perfil do contratante da resolución de aprobación do expediente de contratación.

E para que así conste, expido a presente en Tui, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, Enrique Cabaleiro González e coas salvedades e advertencias establecidas no artigo 206 do ROF.

Documento asinado dixitalmente á marxe

Cod. Validación: AEX5F97XTZKLDL6SJH5M23W5L | Corrección: http://concellotui.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5